

Circular informativa. Curso 2016-2017

Agustín Bonome Dopico

Departamento de Matemáticas. Facultade de Matemáticas

Universidade de Santiago de Compostela

Tfno:881813136 //650599675. e-mail: agustin.bonome@usc.es

Estimados compañeiros/as:

Como director do Grupo de Traballo de “Matemáticas II” e no nome de todo o grupo, pñoome en contacto con todos vós para vos saudar neste novo curso e comunicarvos que debido aos cambios normativos e ao novo programa da materia, actualizáronse as informacións relativas a:

- Criterios xerais de avaliación
- Orientacións xerais
- Modelo de exame

A principal novidade é o bloque de Estatística, polo que se modifican as puntuacións dos exercicios, como se sinala nos “Criterios xerais de avaliación”. No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

Aínda que os alumnos/as serán debidamente informados/as, sería convinte que os/as avisedes de que, se resolven exercicios das dúas opcións, só se avaliarán os exercicios da opción que correspondan ao primeiro exercicio que responda o/a alumno/a.

Pódense utilizar calculadoras científicas non gráficas e non programables e todos os procesos conducentes á obtención de resultados deben estar razoados.

Lembrar tamén que na páxina web da CIUG: ciug.gal figuran os exames, solucións e criterios de avaliación das últimas convocatorias. O tipo de problemas, salvo no caso da Estatística naturalmente, e o nivel de dificultade dos exames deste ano serán semellantes aos dos últimos anos.

Só me queda poñerme á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facerme. Non dubidedes en contactar connigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquera aclaración.

Recibide un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro 2017